



**A Sociedade da Información en Galicia
desde unha perspectiva de xénero**

Edición 2016

XUNTA DE GALICIA

Edita: Xunta de Galicia

Presidencia

Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega).

Lugar: Santiago de Compostela

Ano de publicación: 2016

Este documento distribúese baixo licenza Creative Commons 3.0 Recoñecemento –Compartir baixo a mesma licenza dispoñible en:

<http://creativecommons.org/licenses/by-sa/3.0/deed.gl>

Índice

1. Introducción
2. A Fenda Dixital de Xénero
 - 2.1. Uso do ordenador nos últimos tres meses
 - 2.2. Uso de Internet nos últimos tres meses
 - 2.3. Uso do comercio electrónico nos últimos tres meses
 - 2.4. Tipos de interacción coas AAPP a través de Internet
3. A Fenda Dixital de Xénero segundo o hábitat
4. Conclusións

ANEXO

1. INTRODUCCIÓN



1. Introducción

Obxectivos

- **Analizar comparativamente os principais indicadores que definen as diferenzas de xénero no acceso e uso ás tecnoloxías da información e da comunicación en Galicia**
- **Estudar a influencia do hábitat na fenda dixital segundo o sexo.**

Fontes de información:

- Enquisa Estrutural a Fogares (IGE) – Indicadores tecnoloxías-. Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA), en colaboración co Instituto Galego de Estatística (IGE). Ano 2015
- *Encuesta sobre Equipamiento y Uso de Tecnologías de Información y Comunicación en los Hogares (TIC-H)*. INE. Ano 2015
- Indicadores de la Sociedad de la Información por género. ONTSI. Ano 2015


2. A FENDA DIXITAL DE XÉNERO



2.1 Uso do ordenador nos últimos tres meses

Uso do ordenador nos últimos tres meses
segundo o sexo.

Comparativa Galicia-España




Fonte: EEF 2015 (OSIMGA + IGE) - INE

O uso de ordenador nos últimos tres meses é case catro puntos porcentuais maior entre os homes que entre as mulleres galegas.

A fenda de xénero é sensiblemente inferior á media estatal, situándose en 3,9 puntos fronte aos 4,7 puntos da media española.


Uso do ordenador nos últimos tres meses por sexo e idade.



Fonte: EEF 2015 (OSIMGA + IGE)

As diferenzas globais no grao de utilización do ordenador segundo o xénero non se distribúe igualitariamente por idades: entre os máis novos as mulleres superan aos homes no uso do ordenador; só a partir dos 55 anos a tendencia cambia ata acadar a máxima diferenza (12 puntos) entre os maiores de 65 anos


Uso do ordenador nos últimos tres meses por sexo e estudos terminados




Fonte: ECV 2014 (OSIMGA + IGE)

A formación académica incide no diferente grao de uso do ordenador entre homes e mulleres. A fenda dixital de xénero acentúase entre as persoas con menores niveis formativos, para practicamente desaparecer entre aqueles que contan con formación universitaria.

EVOLUCIÓN DO INDICADOR
Uso do ordenador nos últimos tres meses.
Comparativa Galicia-España
 (% sobre persoas de 16 a 74 anos)



Fonte: EEF (OSIMGA + IGE) - INE



Fonte: INE

En Galicia, a fenda dixital de xénero continúa a reducirse de forma lenta pero constante, experimentando unha diminución de 0,3 puntos no último ano. Pola contra, a nivel estatal increméntase 0,6 puntos porcentuais respecto ao ano 2014.

A fenda dixital de xénero no uso do ordenador é inferior en Galicia (3,9 puntos) que no conxunto da UE28 (4 puntos)

Uso de Ordenador

Individuos que empregaron Ordenador nos últimos tres meses				
	Muller	Home	Total	Diferenza
Luxemburgo	96	98	97	2
Dinamarca	96	96	96	0
Noruega	94	95	95	1
Finlandia	94	93	93	-1
Países Baixos	92	92	92	0
Suecia	90	91	91	1
Reino Unido	88	92	90	4
Alemaña	86	90	88	4
Estonia	87	89	88	2
Bélxica	84	85	84	1
Austria	80	88	84	8
Francia	81	83	82	2
República Checa	79	81	80	2
UE 28	76	80	78	4
Letonia	78	79	78	1
Irlanda	78	77	77	-1
Eslovaquia	77	78	77	1
Malta	74	76	75	2
España	71	76	74	5
Eslovenia	71	75	73	4
Hungría	71	74	72	3
Lituania	71	71	71	0
Chipre	68	72	70	4
Portugal	66	73	69	7
Macedonia	66	72	69	6
Croacia	64	72	68	8
Polonia	67	69	68	2
Grecia	64	69	67	5
GALICIA	65	68,9	66,9	3,9
Italia	57	66	61	9
Bulgaria	56	57	57	1
Rumania	54	60	57	6
Turquía	38	55	46	17

Diferenza entre homes e mulleres que empregaron o ordenador nos últimos tres meses (puntos porcentuais)




Países con maior fenda de xénero na UE28: Turquía: 17 puntos; Italia: 9 puntos; Austria e Croacia : 8 puntos

Países con menor fenda de xénero na UE28: Irlanda e Finlandia: -1 puntos ; Dinamarca, Países Baixos e Lituania : 0 puntos

2.2 Uso de Internet nos últimos tres meses

Uso de Internet nos últimos tres meses
segundo o sexo.
Comparativa Galicia-España




Fonte: EEF 2015 (OSIMGA + IGE) - INE

No caso do uso de Internet nos últimos tres meses, os homes galegos avantaxan en 4,3 puntos porcentuais ás mulleres.

A fenda dixital de xénero no uso de Internet nos últimos tres meses en Galicia é lixeiramente superior á media estatal.


O uso de Internet reproduce a tendencia observada no uso do ordenador segundo o xénero e a idade, diferenciando unha ruptura dixital arredor dos 55 anos. Así, cando entre os máis novos as mulleres superan ou igualan aos homes no uso de Internet, a partir dos 55 anos as distancias aumentan sensiblemente en detrimento do uso feminino da Rede, ata chegar aos 11,9 puntos porcentuais entre os maiores de 65 anos.



Fonte: EEF 2015 (OSIMGA + IGE)


A fenda dixital de xénero segundo o nivel formativo afecta con máis intensidade ás persoas con menor nivel de estudos, para igualarse a partir da formación secundaria.

Uso de Internet nos últimos tres meses por sexo e estudos terminados.



Estudantes e ocupadas son grupos laborais que rexistran unha menor fenda dixital de xénero, achegándose á universalidade entre as primeiras e cun alto uso entre as que desenvolven unha profesión. Pola contra, as mulleres adicadas ás tarefas do fogar son as máis afectadas polas diferenzas de sexo á hora do acceso á Rede.

**Uso de Internet nos últimos tres meses
por sexo e situación laboral.**




Fonte: EEF 2015 (OSIMGA + IGE)


EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Uso de Internet nos últimos tres meses. Comparativa Galicia-España

(% sobre persoas de 16 a 74 anos)



Fonte: ECV (OSIMGA + IGE) - INE



Fonte: INE


A fenda de xénero no uso de Internet incrementouse en Galicia no último ano de forma moderada, cando a tendencia a nivel estatal é de lixeiro descenso.

A fenda dixital de xénero no uso de Internet en Galicia (4,3 puntos) sitúase en valores superiores aos da UE28 (3 puntos) pero ao mesmo nivel de países como Reino Unido ou Eslovenia.

Uso de Internet

Individuos que empregaron Internet nos últimos tres meses				
	Muller	Home	Total	Diferenza
Luxemburgo	96	99	97	3
Noruega	97	97	97	0
Dinamarca	96	96	96	0
Países Baixos	94	93	93	-1
Finlandia	93	92	93	-1
Reino Unido	90	94	92	4
Suecia	91	90	91	-1
Alemaña	85	90	88	5
Estonia	87	89	88	2
Bélxica	84	86	85	2
Francia	84	86	85	2
Austria	80	88	84	8
República Checa	80	83	81	3
UE 28	78	81	80	3
Irlanda	81	79	80	-2
España	77	80	79	3
Letonia	78	80	79	2
Eslovaquia	77	78	78	1
Malta	75	78	76	3
Hungría	71	75	73	4
Eslovenia	71	75	73	4
Chipre	70	73	72	3
Lituania	72	71	71	-1
GALICIA	68,6	72,9	70,7	4,3
Croacia	65	74	70	9
Macedonia	67	73	70	6
Portugal	66	72	69	6
Polonia	67	69	68	2
Grecia	64	69	67	5
Italia	62	70	66	8
Bulgaria	56	57	57	1
Rumania	53	58	56	5
Turquía	42	61	52	19

Diferenza entre homes e mulleres que empregaron Internet nos últimos tres meses (puntos porcentuais)




Países con maior fenda de xénero na UE28: Turquía: 19 puntos; Croacia: 9 puntos; Italia e Austria: 8 puntos; Portugal e Macedonia: 6 puntos

Países con menor fenda de xénero na UE28: Irlanda: -2 puntos ; Países Baixos, Suecia, Finlandia e Lituania: -1 punto.

2.3 Uso do comercio electrónico nos últimos tres meses

Persoas que adquiriron algún ben ou servizo a través de Internet nos últimos tres meses segundo o sexo (%)




A porcentaxe de mulleres galegas que adquiriron algún ben ou servizo a través de Internet nos últimos tres meses é lixeiramente superior á dos homes.

Pola contra, a nivel estatal pódese observar maior taxa masculina á hora de realizar compras a través da Rede.

Fonte: EEF 2015 (OSIMGA + IGE)- INE

As mulleres entre os 16 e os 44 anos empregan o comercio electrónico en maior medida que os homes, acadando incluso diferencias superiores a 6 puntos porcentuais na franxa de idade de 25 a 34 anos. A fenda dixital entre os maiores de 45 anos non é tan significativa como noutros indicadores.

Uso do comercio electrónico nos últimos tres meses por idades.




Fonte: EEF 2015 (OSIMGA + IGE)

Nota: Sobre as persoas que utilizaron Internet algunha vez

A adicación ás tarefas do fogar é a variable que determina en grande medida a fenda dixital de xénero no uso de comercio electrónico, sendo ocupadas e estudantes as que amosan unha conduta máis igualitaria entre xéneros en relación ás compras en liña.

Uso de comercio electrónico nos últimos tres meses por sexo e situación laboral.




Fonte: EEF 2015 (OSIMGA + IGE)

Nota: Sobre as persoas que utilizaron Internet algunha vez

2.4 Tipos de interacción coas AAPP a través de Internet

Tipos de interacción coas AAPP a través de Internet nos últimos doce meses, segundo o sexo



Base: Persoas que utilizaron Internet nos últimos doce meses.

Fonte: EEF 2015 (OSIMGA + IGE)

No relativo á utilización de Internet para relacionarse coas Administracións Públicas, non se observa fenda de xénero, incluso son as mulleres internautas galegas as que usan en maior medida Internet para realizar diferentes accións coas AAPP.


Aínda que a media europea non reflexa fenda dixital de xénero na interacción coas Administracións Públicas a través de Internet para obter información no conxunto dos países, destaca Austria cunha significativa fenda de 8 puntos.

Interacción coas AAPP

Individuos que interactuaron coas AAPP a través de Internet Ordenador nos últimos 12 meses para obter información

	Muller	Home	Total	Diferenza
Dinamarca	88	89	89	-1
Finlandia	79	80	80	-1
Estonia	78	80	79	-2
Suecia	77	74	76	3
Noruega	76	76	76	0
Países Baixos	78	72	75	6
Galia	69,8	68,5	69,1	1,3
Letonia	60	69	65	-9
Grecia	63	61	62	2
Austria	64	56	60	8
Alemaña	60	58	59	2
Lituania	54	62	58	-8
España	58	55	57	3
Portugal	60	54	57	6
Eslovenia	49	61	55	-12
Eslovaquia	53	56	54	-3
Francia	49	53	51	-4
Hungría	50	51	51	-1
Irlanda	50	50	50	0
Turquia	53	46	50	7
UE 28	49	49	49	0
Bélxica	50	48	49	2
Malta	51	46	49	5
Luxemburgo	51	45	48	6
Croacia	48	42	45	6
Chipre	44	42	43	2
Reino Unido	41	39	40	2
República Checa	36	38	37	-2
Italia	30	30	30	0
Bulgaria	24	29	27	-5
Polonia	27	28	27	-1
Macedonia	28	25	26	3
Rumanía	15	14	15	1

Diferenza entre homes e mulleres que interactuaron coas AAPP a través de Internet nos últimos 3 meses para obter información (puntos porcentuais)



Países con maior fenda de xénero na UE28: Austria: 8 puntos; Portugal, Luxemburgo e Croacia: 6 puntos

Países con menor fenda de xénero na UE28: Eslovenia: -12 puntos e Letonia: -9 puntos


No que se refire á interacción coas Administracións Públicas a través de Internet para descargar formularios, Galicia sitúase entre os países onde as mulleres avantan aos homes neste indicador.

Interacción coas AAPP

Individuos que interactuaron coas AAPP a través de Internet Ordenador nos últimos 12 meses para descargar formularios oficiais

	Muller Muller	Home Home	Total Total	Diferenza Diferenza
Finlandia	68	68	68	0
Luxemburgo	64	58	61	6
Noruega	62	55	58	7
Galicia	57,2	55,6	56,4	1,6
Dinamarca	55	52	54	3
Países Baixos	56	43	50	13
Irlanda	45	46	46	-1
Suecia	48	44	46	4
Estonia	45	42	44	3
España	44	42	43	2
Malta	41	43	42	-2
Francia	41	40	40	1
Austria	44	37	40	7
Letonia	34	43	39	-9
Lituania	37	41	39	-4
Alemaña	39	34	37	5
Eslovenia	31	44	37	-13
Grecia	37	35	36	2
Hungría	35	37	36	-2
Croacia	39	31	35	8
Portugal	38	32	35	6
UE 28	35	34	34	1
Bélxica	34	30	32	4
Chipre	32	31	32	1
Eslovaquia	29	31	30	-2
Reino Unido	29	29	29	0
Italia	25	24	25	1
Polonia	23	25	24	-2
Turquía	26	21	24	5
Bulgaria	19	24	21	-5
República Checa	18	17	17	1
Rumanía	15	14	15	1
Macedonia	13	14	13	-1

Diferenza entre homes e mulleres que interactuaron coas AAPP a través de Internet nos últimos 3 meses para descargar formularios (puntos porcentuais)



Países con maior fenda de xénero na UE28: Países Baixos: 13 puntos; Croacia: 8 puntos e Noruega: 7 puntos

Países con menor fenda de xénero na UE28: Eslovenia: -13 puntos e Letonia: -13 puntos


Galicia ocupa a terceira posición europea en relación ao uso de Internet para enviar formularios cumprimentados, cunha fenda dixital similar ao conxunto de Europa (2,2 puntos porcentuais).

Interacción coas AAPP

meses para enviar formularios cumprimentados

	Muller	Home	Total	Diferenza
Estonia	79	81	80	-2
Dinamarca	72	70	71	2
Galicia	64,5	62,3	63,4	2,2
Finlandia	64	62	63	2
Noruega	65	53	59	12
Irlanda	56	57	56	-1
Países Baixos	63	50	56	13
Suecia	51	47	49	4
Francia	50	47	48	3
Lituania	41	44	42	-3
Portugal	43	38	41	5
Bélxica	42	37	39	5
España	38	37	38	1
Grecia	39	35	37	4
Austria	41	32	37	9
Letonia	32	40	36	-8
Luxemburgo	41	30	36	11
Reino Unido	35	33	34	2
UE 28	33	31	32	2
Hungría	31	32	32	-1
Malta	27	30	28	-3
Chipre	26	21	24	5
Eslovenia	23	26	24	-3
Polonia	21	24	22	-3
Turquía	23	21	22	2
Croacia	25	17	21	8
Alemaña	22	16	19	6
Italia	18	18	18	0
Eslovaquia	16	17	16	-1
Bulgaria	13	17	15	-4
República Checa	13	11	12	2
Macedonia	10	12	11	-2
Rumanía	8	8	8	0

Diferenza entre homes e mulleres que interactuaron coas AAPP a través de Internet nos últimos 3 meses para enviar formularios (puntos porcentuais)



Países con maior fenda de xénero na UE28: Países Baixos: 13 puntos; Noruega: 12 puntos e Luxemburgo: 11 puntos

Países con menor fenda de xénero na UE28: Letonia: -8 puntos

3. A FENDA DIXITAL DE XÉNERO SEGUNDO O HÁBITAT




A fenda dixital de xénero desde un punto de vista territorial

Neste capítulo analízase a influencia do hábitat no distinto uso das TIC entre homes e mulleres, estudando os indicadores anteriores segundo as seguintes variables xeográficas:

- Provincia
- Tamaño de hábitat
- Áreas comarcais
- Sete concellos con maior poboación de Galicia


Persoas que utilizaron o ordenador nos últimos tres meses por xénero e provincia



Fonte: EEF 2015 (OSIMGA + IGE)

As desigualdades de xénero no uso do ordenador son máis acusadas nas provincias máis poboadas, acadando 5,4 puntos porcentuais de fenda na Coruña. Lugo é a provincia galega con menor fenda dixital de xénero


Persoas que utilizaron ordenador nos últimos tres meses por xénero e hábitat



Fonte: EEF 2015 (OSIMGA + IGE)


Se atendemos ao tamaño do hábitat, cabe salientar que é nos núcleos urbanos e semiurbanos onde a fenda de xénero se manifesta de xeito máis significativo, descendendo en termos xerais a fenda a medida que o fai o tamaño da poboación do concello.

Persoas que utilizaron o ordenador nos últimos tres meses por xénero e áreas comarcais



En todas as áreas comarcais, agás Ourense Central, O Carballiño- Ribeiro e Lugo Sur e Oriental, o uso do ordenador é maior entre os homes que entre as mulleres.


Persoas que utilizaron o ordenador nos últimos tres meses por xénero nos sete grandes concellos de Galicia



Fonte: EEF 2015 (OSIMGA + IGE)

Dos sete grandes concellos de Galicia destaca Ferrol coa fenda máis ampla. Santiago e Lugo son os grandes concellos onde as diferenzas no uso de ordenador entre homes e mulleres son máis pequenas.

Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses por xénero e provincia




Fonte: EEF 2015 (OSIMGA + IGE)

Lugo e Ourense son as provincias galegas que presentan o dato máis positivo en termos de diferencias de xénero no que se refire ao uso de Internet.

No extremo contrario, cunha fenda dixital de 4,7 puntos porcentuais para este indicador, a provincia da Coruña é a que amosa a maior fenda.


Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses por xénero e hábitat




Fonte: EEF 2015 (OSIMGA + IGE)

As diferencias no uso de Internet entre homes e mulleres son máis acusadas nas vilas galegas de máis de 10 mil habitantes, onde a fenda sitúase ao redor dos 5 puntos porcentuais. Pola contra, as poboacións entre 5 e 10 mil habitantes amosan a menor diferenza.

Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses por xénero e áreas comarcais




Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses por xénero e nos sete grandes concellos de Galicia



Fonte: EEF 2015 (OSIMGA + IGE)

A fenda dixital de xénero no uso de Internet presenta a maior diferenza na cidade de Ferrol, onde acada os 11,3 puntos porcentuais, e a menor diferenza no concello de Pontevedra (1,4 puntos de distancia entre homes e mulleres no uso da Rede).

Persoas que adquiriron algún ben ou servizo a través de Internet nos últimos tres meses por xénero e provincia




Base: Persoas de 16 a 74 anos que utilizaron Internet algunha vez

Fonte: EEF 2015 (OSIMGA + IGE)

Na adquisición de bens ou servizos a través de Internet a fenda dixital favorece ás mulleres, que practican a compra en liña máis que os homes. Esta circunstancia ten maior peso na provincia de Pontevedra.

Persoas que adquiriron algún ben ou servizo a través de Internet nos últimos tres meses por xénero e hábitat



Base: Persoas de 16 a 74 anos que utilizaron Internet algunha vez


Fonte: ECV 2014 (OSIMGA + IGE)

O único hábitat onde as mulleres non superan aos homes nas compras a través de Internet son as poboacións de máis de 50.000 habitantes. Aínda así, a diferenza non acada un punto porcentual. Nos concellos de menor poboación as mulleres avantaxan aos homes nas compras a través de Internet.

Persoas que adquiriron algún ben ou servizo a través de Internet nos últimos tres meses por xénero e áreas comarcais


MULLERES

HOMES



A análise da fenda de xénero por áreas comarcais apunta a que só nas comarcas de Lugo Sur, Pontevedra Nororiental, Costa da Morte, Ourense e A Coruña suroriental os homes superan ás mulleres na realización de compras por Internet nos últimos tres meses.

Persoas que adquiriron algún ben ou servizo nos últimos tres meses por xénero e nos sete grandes concellos de Galicia



Base: Persoas de 16 a 74 anos que utilizaron Internet algunha vez

Fonte: EEF 2015 (OSIMGA + IGE)

No concello de Ourense é o que presenta unha fenda máis significativa nas compras a través de Internet (5,3 puntos porcentuais) mentres que Ferrol e Vigo son os únicos concellos galegos nos que as mulleres avantaxan aos homes nas compras en liña.

4. CONCLUSIONES



En Galicia, a fenda dixital de xénero no uso do ordenador é inferior á media estatal. Mentres que en Galicia, o uso do ordenador nos últimos tres meses é 3,9 puntos porcentuais maior entre os homes que entre as mulleres, no conxunto do Estado a diferenza é de 4,7 puntos. Con respecto á media europea, a fenda dixital de xénero no uso do ordenador é inferior en Galicia (3,9 puntos) que no conxunto da UE28 (4 puntos)

En Galicia, a fenda dixital de xénero no uso do ordenador continúa a reducirse de forma lenta pero constante, experimentando unha diminución de 0,3 puntos no último ano. Pola contra, a nivel estatal increméntase 0,6 puntos porcentuais respecto ao ano 2014.

Se atendemos ao tamaño do hábitat, cabe salientar que é nos núcleos urbanos e semiurbanos onde a fenda de xénero se manifesta de xeito máis significativo, descendendo en termos xerais a fenda a medida que o fai o tamaño da poboación do concello.

No caso do uso de Internet nos últimos tres meses, os homes galegos avantaxan en 4,3 puntos porcentuais ás mulleres. A fenda de xénero no uso de Internet presenta unha tendencia marcada pola idade, diferenciando unha ruptura dixital arredor dos 55 anos. Así, entre os máis novos as mulleres superan ou igualan aos homes no uso de Internet, mentres que a partir dos 55 anos as distancias aumentan sensiblemente en detrimento do uso feminino da Rede, ata chegar aos 11,9 puntos porcentuais entre os maiores de 65 anos.

A fenda dixital de xénero segundo o nivel formativo afecta con máis intensidade ás persoas con menor nivel de estudos, para igualarse a partir da formación secundaria. Estudantes e ocupadas son grupos laborais que rexistran unha menor fenda dixital de xénero, achegándose á universalidade entre as primeiras e cun alto uso entre as que desenvolven unha profesión. Pola contra, as mulleres adicadas ás tarefas do fogar son as máis afectadas polas diferenzas de sexo á hora do acceso á Rede.

As diferencias no uso de Internet entre homes e mulleres son máis acusadas nas vilas galegas de máis de 10 mil habitantes, onde a fenda sitúase ao redor dos 5 puntos porcentuais. Pola contra, as poboacións entre 5 e 10 mil habitantes amosan a menor diferenza. Lugo Sur e Ourense Central, son as áreas comarcais onde a porcentaxe de mulleres que usan Internet é superior á dos homes.

A porcentaxe de mulleres galegas que adquiriron algún ben ou servizo a través de Internet nos últimos tres meses é lixeiramente superior á dos homes. Pola contra, a nivel estatal pódese observar maior taxa masculina á hora de realizar compras a través da Rede.

No relativo á utilización de Internet para relacionarse coas Administracións Públicas, non se observa fenda de xénero, incluso son as mulleres internautas galegas as que usan en maior medida Internet para realizar diferentes accións coas AAPP.

